



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDIMIENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/48/2014	CONYI00T	
0Z6Z0B5X6360022D0IQY		

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MONITORES NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE NARÓN.

1.-OBXECTO

1.1.- É obxecto do presente prego de cláusulas administrativas particulares a contratación da prestación dos servizos de monitores nas escolas deportivas municipais, servizo de socorrismo nas piscinas municipais cubertas climatizadas do Complexo Polideportivo Municipal, Polideportivo Anexo, e outras instalacións do Concello de Narón e Centros Educativos, así como a coordinación das actividades deportivas do Concello.

1.2.- O Adxudicatario do mencionado contrato de servizos está na obriga de prestar os seguintes servizos, e que de cumprirse as expectativas de ocupación de usuarios serán:

- Servizo de socorrismo en todo o horario de apertura das piscinas.
- Monitores de natación para impartir os cursos incluídos dentro do programa deportivo municipal, para nenos/as, adultos, grupos especiais, recuperación funcional, natación bebés, natación escolar e matronatación.
- Monitores para impartir clases nas escolas de Ximnasia de Mantemento, Voleibol, Tempo Libre, Tenis de Mesa, Xadrez, Baloncesto, Aerobic, Deporte Rural, loga, Remo, Tiro con Arco, Balonmán, Ritmica, Fútbol Sala, Fútbol, Piragüismo, Atletismo, Psicomotricidade, Patinaxe, Pilates e Musculación.
- As horas de impartición serán as que determine o Padroado de Deportes de Narón, sendo o horario máximo anual estimado de 22.000 horas.
- Para os grupos de recuperación funcional, o adxudicatario deberá contar cun titulado/a en fisioterapia.

2- ANÁLISIS DAS OFERTAS

Co obxecto de facilitar as análises das ofertas en termos homoxéneos para a totalidade dos licitadores, os concursantes deberán expresar nas súas propostas económicas a descomposición do coste total ofrecido, asignando a ponderación ou porcentaxe que represente cada factor constitutivo na totalidade do prezo do contrato.

A tal efecto deberase desglosar, cando menos, os seguintes conceptos de forma diferenciada:



NARÓN

- a) Custo total da man de obra empregada (incluíndo retribucións integras e aportacións da Empresa á Seguridade Social), coa indicación do número de traballadores que se adscribirán ao servizo e a súa categoría de acordo coa normativa laboral que lle sexa de aplicación.
- b) Prima do seguro de responsabilidade civil que cubra as contingencias mínimas previstas no presente Prego de Condicións.
- c) Gastos xerais de xestión e administración.
- d) Beneficio industrial.

3- EXECUCIÓN DO CONTRATO

PERSOAL DESTACADO PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Para a execución do Contrato o Adxudicatario aportará o persoal necesario do seu propio cadro de persoal, debendo ter en conta o persoal ó que se refire o apartado 4 do presente prego.

3.1 – MONITORAXE

Os monitores que desempeñen as tarefas nas diferentes escolas deportivas municipais deberán contar coa titulación ou cursos específicos da actividade a impartir.

Os monitores permanecerán en formación continua para adaptarse as demandas do mercado dentro do sector deportivo, ben coa formación que realice a empresa adxudicataria, ben cos cursos que promocióne o Concello de Narón. A entidade adxudicataria informará anualmente da formación realizada polos monitores.

3.2 – SOCORRISMO

O persoal que desempeñe os traballos de socorrismo deberán estar en posesión da formación en socorrismo acuático que regula o R.D. 104/2012, pola que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos de Galicia. Ese mesmo o persoal deberá estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e no prazo que establece a citada normativa deberán contar coa acreditación das unidades de competencia da cualificación profesional correspondente.

Os socorristas permanecerán en formación continua para adaptarse as demandas do mercado dentro do sector deportivo, ben coa formación que realice a empresa adxudicataria, ben cos cursos que promocióne o Concello de Narón. A entidade adxudicataria informará anualmente da formación realizada polos socorristas.

3.3.- COORDINADOR DEPORTIVO.

Ao fronte de todo o persoal deberá estar un Coordinador Deportivo, Licenciado en INEF – Grupo 1, con experiencia demostrada na xestión de contratos análogos, liberado totalmente de horario para a coordinación e colaboración en todos os traballos recollidos neste prego, e a disposición das ordes que se fagan chegar dende a Xerencia do Servizo de Deportes.

De todos os xeitos o horario mínimo a desenvolver por dito Coordinador será de 38 horas semanas, segundo o convenio de Instalacións Deportivas e Ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia.

O horario semanal mínimo será 09,00 a 13,00 h. e de 16,00 a 20,00 h. de lúns a xoves e de 08,00 a 14,00 h. os venres.

As función que corresponden ó Coordinador Deportivo serán as recollidas no artigo 13 dos vixentes Estatutos do Padroado de Deportes do Concello de Narón, e que son as que seguen:

- a) Executar os acordos adoptados, vixiando o seu cumprimento.
- b) Elaborar co Administrador o programa de desenvolvemento técnico dos plans anuais de actividades.
- c) Asistir ás sesión da Asemblea Xeral con voz pero sen voto.
- d) Executar os programas aprobados pola Asemblea.
- e) Informar á Asemblea Xeral do Padroado de calquera aspecto técnico que lle sexa solicitado por esta.

O Coordinador Deportivo deberá asistir as Asembleas do Padroado de Deportes de Narón que se celebren. As asembleas ordinarias, que están establecidas, teñen lugar o último martes dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro a partir das 20,30 horas en primeira convocatoria.

Será a cargo do Adxudicatario o abono a dito Coordinador Deportivo do importe que se xenere pola asistencia as ditas asembleas.

4.- PERSOAL DAS INSTALACIÓNS.

O persoal que na actualidade ven desenvolvendo os traballos no Complexo Polideportivo Municipal é o seguinte:

P.TRABALL O	PISCINA S	XIMNASI O	MUSCUL A.	ESC. CENTR.	ESC. EXTERI.	TOTAL
Socorristas	3	-	-	-	-	3
Monitores	12	1	1	2	8	24
Fisioterapeut a	1	-	-	-	-	1
Coordinador	0	0	0	1		1
TOTAL						29

Para a execución dos servizos descritos nos apartados anteriores, o adxudicatario, obrígase a achegar o persoal necesario e debidamente cualificado, pertencente ao seu cadro de persoal, así coma os medios técnicos da súa propia organización, tales coma a roupa de traballo, etc.

No caso de enfermidade ou calesquera outro tipo de ausencia, do persoal destacado polo adxudicatario para a execución dos servizos, este obrígase a suplilo dende o primeiro día de ausencia.

O persoal que o Adxudicatario destaque para a execución dos servizos indicados, dependerá xerárquicamente da súa propia organización para o cal a devandita empresa deberá situar a persoa necesaria, si ben deberá seguir as indicacións que, para a debida coordinación dos traballos se lle fagan polo Administrador Xerente do Servizo de Deportes do Concello de Narón.

A instalación pechará ó público os días que se sinalan:

- 24 de decembro ----- Noiteboa



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

- 25 de decembro ----- Nadal
- 31 de decembro ----- Ano vello
- 1 de xaneiro ----- Aninovo
- 6 de xaneiro ----- Día de reis

Ademáis dos días sinalados as piscinas pecharán ó público 8 días na Semana Santa, por baleiramento e limpeza dos vasos das ditas piscinas.

O adxudicatario deberá computar no seus costes, as obrigas cara os seus traballadores que se orixinen como consecuencia dos peches indicados anteriormente.

5- EXECUCIÓN DO CONTRATO (PERSONAL)

5.1- A execución do contrato realizarase de acordo a este prego de condicións e ás directrices marcadas pola administración.

5.2- A distribución horaria poderá variarse polo Concello de Narón en función das necesidades do servizo, pero sempre mantendo como máximo o número de horas semanais proposto.

5.3- A temporada deportiva a que se refiren os servizos deportivos do presente prego será a seguinte, de cumprirse as expectativas de ocupación:

- **Escolas Deportivas Centralizadas – Complexo Polideportivo Municipal da Gándara.**

Piscinas: Escolas en xeral e baño libre. Ximnasia de Mantemento, loga, Pilates e Musculación: Do 1 de outubro ó 30 de xuño.

Piscina baño libre e natación especial (Socorrismo): Do 15 de setembro o 30 de setembro e do 1 de xullo ó 18 de xullo.

- **Escolas Deportivas Descentralizadas – Outras instalacións Municipais e Centros Educativos.**

Tenis de Mesa, Xadrez, Psicomotricidade, Patinaxe, Remo: Do 1 de Outubro ó 30 de xuño.

Nas actividades impartidas nos Centros Educativos, terase en conta o calendario escolar.

5.4 - HORARIOS GLOBAIS MÁXIMOS ESTIMADOS:

De cumprirse as expectativas de ocupación as horas estimadas serían as seguintes:

- Escolas Deportivas Centralizadas : 19.044,00
- Escolas Deportivas Descentralizadas: 2.956,00

6.- CONTROL DO SERVIZO.

O Concello de Narón terá plenas facultades para fiscalizar e controlar a prestación do servizo, podendo o Alcalde ou Concelleiro/a Delegado/a ditar as disposicións que estime pertinentes con tal finalidade, por si ou a instancia do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes do Concello.

Así mesmo, o Administrador Xerente poderá dirixirse ao Adxudicatario, a través da persoa nomeada ao efecto para axear o cumprimento do contrato, como para a realización de traballos, que a xuízo da Xerencia sexan necesarios executar nun momento determinado.



7.- RESPONSABILIDADE CIVIL.

O Adxudicatario estará obrigado a suscribir unha póliza de seguros que cubra un risco de 300.506,05 €, como mínimo, por siniestro, como garantía de responsabilidade Civil e danos corporais ou materiais causados involuntariamente a terceiros, por accidente ou negligencia.

NARÓN, xuño de 2014

Administrador Xerente do Padroado de Deportes

Rafael Flores Veiga.